



Concello de Xinzo de Limia

Expediente no Concello: 1501/2023.

Expediente en AGADER: PM23-0037

Procedemento: MR701E/2023

Asunto: Mellora de Camiños Plan Marco

Vista a **RESOLUCIÓN do 28 de febreiro de 2023** para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento MR701E), da Axencia Galega Desenvolvemento Rural, publicada no DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2023,

Incóase expediente de solicitude polo Concello Xinzo de Limia, a través da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, para a mellora de camiños:

1. Camiño de Morgade
2. Camiño de Moreiras
3. Camiño de Seoane.

Dítase Resolución de **AGADER** (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), de concesión de axuda, o día 18 de xullo de 2023, con Rexistro de entrada no Concello 2023-E-RC-4585 o día 21 de xullo do 2023 e por importe de 70.416,00 €.



O Concello de Xinzo de Limia, acepta a axuda de AGADER por importe de 70.416,00 €, equivalente ao 97,73% do orzamento aceptado 72.053,00€, para o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2023:

1. Camiño de Morgade	2. Camiño de Moreiras	3. Camiño de Seoane.

Procede dar conta deste programa na páxina web do Concello de Xinzo, aos efectos de publicidade da financiación de AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural).

E para que conste asina en Xinzo de Limia, 23 de agosto 2023.

O Alcalde,

D. Amador Díaz Penín.

